Como norma xeral desenvolverase unha metodoloxía que atenda á diversidade e permita acadar as competencias clave sinaladas pola lexislación vixente. Traballaremos con tarefas relacionadas cos centros de interese e utilizaremos o enfoque de proxectos. Diseñaranse actividades multinivel que permitan que cada alumna e alumno acceda a elas segundo a súa capacidade, podendo ter niveis sinxelos e de enriquecemento ademais de potenciar o uso de recursos materiais variados entre os que as TIC teñen que ter un papel importante. Seguiranse os principios de aprendizaxe globalizadora e integradora, así como os de aprendizaxe significativa. Tenderase á utilización de métodos que permitan aprender desde a realidade, a actualidade e sucesos do día a día e desde as concepcións previas.

O xogo tomará un papel importante á hora de realizar actividades: concursos, imitacións, investigacións... como vía de aprendizaxe. Buscarase que a “gammificación” estea presente nunha gran porcentaxe de momentos intentado potenciar ao máximo as habilidades dos nenos e das nenas a través da experimentación e o xogo, posto que mediante a experiencia e a diversión consideramos que é máis doado alcanzar aprendizaxes máis significativos e funcionais. É unha técnica de aprendizaxe que traslada a mecánica dos xogos ao ámbito educativo co fin de conseguir mellores resultados, xa sexa para absorber mellor algúns contidos, mellorar algunha habilidade ou ben recompensar accións concretas, entre outros obxectivos.

Na aula estaremos moi atentos á actualidade, ás conmemoracións, a ideas e propostas que xurdan espontaneamente no grupo... Será esta unha forma máis divertida, interesante, motivadora... para traballar os contidos que propoñen os libros dixitais, ao tempo que ampliamos coñecemento cultural e reforzamos valores de convivencia, tolerancia, solidariedade ...

As liñas metodolóxicas desta programación parten tamén da idea de que na nosa sociedade o acceso a información é cada día maior, polo que a escola debe ofrecer as ferramentas necesarias para que o alumnado saiba buscar, localizar, comprender, expresar e valorar segundo o seu pensamento, esa información.

Ás ideas metodolóxicas principais nas que se basea esta programación, e que nos levan a actuar de determinadas maneiras son ás seguintes:

- A aprendizaxe buscada debe ser significativa e funcional, na que partimos sempre dos coñecementos que os alumnos xa teñen para relacionalos de maneira significativa cos novos que queremos ensinalles, ademais de impartir coñecementos útiles para a vida diaria que estean relacionados co mundo que lles rodea, posto que ou seu ámbito é outro tema que tamén teremos en conta á hora de elaborar ás nosas clases.
- O enfoque será globalizado, traballaremos contidos e áreas de maneira global, posto que en realidade as partes estudadas non son independentes unhas das outras, senón que se relacionan estreitamente.
- Calquera instante cos nenos e coas nenas será un bo momento para educar, para ensinalles cousas útiles para a súa vida diaria, tanto cando esteamos na aula impartindo unha área concreta, como durante unha saída, ou mesmo ás baixadas ao patio, biblioteca, actividades... onde os nenos e as nenas poderán aprender dende conceptos necesarios para a vida diaria como normas de convivencia e respecto, ao que lle daremos grande importancia.

- Traballaremos nun clima de seguridade e confianza onde as rapazas e os rapaces poidan preguntar e plantexar ás súas ideas
- Librementemente, dentro do respecto, tanto aos seus compañeiros como ás súas mestras, mellorando así a comunicación na clase. Favorecerase a relación entre os alumnos e a posibilidade de que entre eles solucionen ás súas dúbidas. Non pretendemos practicar unha ensinanza na que os alumnos sexan simples receptores da información, senón que tamén participen no desenvolvemento da súa propia aprendizaxe.
- Teremos en conta o nivel de desenvolvemento dos nenos e das nenas, e de que non todos e todas van ao mesmo ritmo, pero sobre todo, o que máis nos interesa é a motivación do alumnado pola súa aprendizaxe e polos novos coñecementos que se lles imparten, que sintan curiosidade máis alá da innata, e que se preocupen por seguir ampliando os seus coñecementos, e para iso debemos facerlles que fagan seu o coñecemento e que se vexan empurrados a coñecer cada día máis.
- Na programación está sempre presente a importancia das aprendizaxes significativas que ofrece a diario a vida cotiá. Pretendemos xerar o cariño e a actitude positiva cara ás materias organizando unha programación que traballe con materias atractivas para todo o alumnado.
- A organización da aula estará condicionada pola situación da pandemia da COVID-19, e seguindo o protocolo do centro, a distribución do alumnado será de xeito individual, en filas e mantendo unha distancia dun metro entre o centro dunha cadeira e outra.

LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

- Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento para as alumnas e os alumnos, que adquiren un maior grao de protagonismo.
- O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumnado, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.
- A comunicación oral axustarase ás distintas situacións de comunicación, coidando a planificación e a exposición dos discursos orais, remarcando a importancia dos elementos non verbais e incluíndo actividades que faciliten a autoavaliación e a heteroavaliación.
- Realizaranse exposicións orais, tanto en lingua galega como en lingua castelá, relacionadas cos proxectos acordados.
- Comprobarase que se dea a axeitada comprensión oral dos textos emitidos.
- Os textos que se traballen estarán relacionados cos distintos contextos sociais (persoais, académicos e sociais) e diferentes tipoloxías, atendendo tanto á forma como á intención comunicativa.
- As lecturas elixiranse atendendo a estes criterios:
 1. Aprendizaxe e obtención de pracer coa lectura das mesmas.
 2. Busca de información.
 3. Comprensión e interpretación de textos significativos.

- Os textos literarios elixidos desenvolverán a capacidade crítica e creativa do alumnado, enriquecerán a súa experiencia do mundo e favorecerán o coñecemento do mesmo.
- No proceso de escritura daráselle importancia por igual ás tres fases: planificación do escrito, redacción e revisión de borradores e produción do texto definitivo. A aprendizaxe das normas gramaticais e ortográficas será funcional e significativa, ligada ao proceso de lectura e escritura.
- Dedicaráselle un tempo diario á lectura na clase.
- As actividades de coñecemento da lingua partirán sempre dos coñecementos previos e realizaranse nun contexto significativo.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

O traballo nesta materia basearase fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- Formación do alumnado no respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e preparación para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.
- Orientación das alumnas e dos alumnos na comprensión da realidade social, na resolución de conflitos de forma reflexiva, na creación dun sistema de valores propios, na participación activa na vida cívica de forma pacífica e democrática, no diálogo e no respecto dos valores universais.

- A realización de debates en contextos da vida cotiá será moi importante, partindo das experiencias, problemas e intereses do alumnado para que cada un desenvolva a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, respectando outros puntos de vista, recoñecendo os propios valores e limitacións para exercer unha cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
- A materia de Valores sociais e cívicos contribuirá a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de reflexión, síntese e estruturación. Axudaraos, ademais, a enfrontarse aos problemas, experimentar, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

MATEMÁTICAS

- O traballo na área de matemáticas estará asentado na experiencia, utilizando as matemáticas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá, para ir adquirindo progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e dos coñecementos previos.
- Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixes principais da actividade matemática e deben ser fonte e soporte principal da aprendizaxe xa que na resolución dun problema requírense e utilízanse moitas das capacidades básicas: ler, reflexionar, planificar o proceso de resolución, establecer estratexias e procedementos e revisalos, modificar o plan se é necesario e comprobar a solución se se encontrou.
- Coas matemáticas preténdese conseguir a capacidade para enfrontarse con éxito a situacións da vida cotiá nas que interveñan os números e as súas relacións. Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixes principais da actividade matemática.

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Realizaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan a aplicación de coñecementos en situacións contextualizadas e conseguir varias competencias ao mesmo tempo.
- Traballarase por proxectos potenciando a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a investigación e mediante a realización de tarefas de forma colaborativa e en equipo, utilizando os coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores en proxectos reais.

CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS

- Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento para os alumnos e as alumnas, que adquiren un maior grao de protagonismo. En concreto, nestas áreas da Educación Primaria, cómpre proporcionar experiencias para que o alumnado aprenda a observar a realidade, a facerse preguntas e a reflexionar sobre os fenómenos naturais e sociais, conseguindo que sexan capaces de elaborar respostas ás interrogantes que formula o mundo natural e social. A idea de globalidade debe guiarnos nesta etapa e nas áreas que nos ocupan, sabendo integrar os diferentes contidos arredor da experimentación, da investigación, dos traballos de campo, das saídas, das visitas, da observación directa... e o uso de Tecnoloxías da Información e da Comunicación, que este curso escolar estarán moi presentes, xa que comezamos coa plataforma EDIXGAL.
- As áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inician os alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

- A ensinanza destas áreas toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto coa contorna. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e ás súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural e social.
- Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia entre diferentes pensamentos. É arredor destas diverxencias onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico e as posibles respostas do alumnado.
- A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación dos feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo isto conduce á introdución do método científico.
- Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran as áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.
- A integración das competencias e intelixencias múltiples nestas áreas supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:
 - Nas tarefas integradas
 - Nos proxectos específicos trimestrais.

- Nas actividades competenciais.
- É a través destes proxectos que os alumnos poden desenvolver a súas capacidades arredor da planificación do traballo, da selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van empregar, e en relación coa elaboración e a presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas e a reflexión sobre as ideas propias, sen esquecer a súa responsabilidade e a do equipo.
- O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar o alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.
- A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen:
 - Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
 - Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de quinto curso.
 - Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todo o alumnado.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ:

Materiais e recursos:

- Libro dixital NETEX – SMART.
- Apuntamentos elaborados polo profesorado para contidos gramaticais, vocabulario, normas ortográficas ...
- Material fotocopiabile.
- Libros en papel e formato dixital.
- Folletos informativos, carteis publicitarios, manuais de instrucións, programacións culturais...
- Xornais dixitais e en papel.
- Consulta de dicionarios dixitais e en papel.
- Actividades Aula Planeta.
- Actividades Procomún e Abalar.
- Actividades da rede.
- Uso das bibliotecas de aula e centro (se a situación COVID-19 nolo permite).
- Uso das bibliotecas virtuais.
- Uso de procesadores de texto e aplicacións para crear textos (folletos, carteis...).
- Actividades de Reforzo e Ampliación que nos permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:

Materiais e recursos:

- Libros dixitais NETEX – SMART e NETEX.
- Fichas de reflexión.
- Xornais, revistas e folletos informativos.
- Actividades plásticas.
- Documentais, curtos e cancións.
- Páxinas web.

MATEMÁTICAS:

Materiais e recursos:

- Material funxible común (cadernos, rotuladores, ceras, compases, regras, escuadra, cartabón , metros, distintos tipos de papeis...)
- Instrumentos de medidas de peso, lonxitude, capacidade e tempo.
- Figuras xeométricas
- Libro dixital
- Recursos fotocopiabiles

Recursos:

- Actividades interactivas

- Actividades Aula Planeta
- Vídeos
- Periódico

CIENCIAS NATURAIS:

Materiais e recursos:

- Material Edixgal: Libros de texto: *Ciencias da Natureza 5* ; editorial Netex
- Murais.
- Recursos multimedia (secuencias por bloques temáticos)
- Material funxible
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Recursos educativos (Internet).
- Ordenador.
- Encerado dixital.
- Materiais para a educación emocional.
- Recuncho do investigador.
- Actividades de Reforzo e Ampliación. As actividades de reforzo e de ampliación permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

CIENCIAS SOCIAIS:

Materiais e recursos:

- Material EDIXGAL: Libros de texto: *Ciencias Sociais*. Editorial Netex.
- Murais.
- Recursos multimedia (secuencias por bloques temáticos).
- Material funxible.
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Recursos educativos (Internet).
- Ordenador.
- Encerado dixital.
- Materiais para a educación emocional.
- Recuncho do investigador.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os aspectos normativos que fan referencia á avaliación en Galicia, quedan reflectidos na Orde 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Dita orde no seu artigo 2 establece que a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o progreso no conxunto das áreas e a adquisición das competencias clave.

Utilizaranse os tipos de avaliación que o actual sistema educativo recomenda:

- **Avaliación inicial:** ao inicio do proceso é necesario saber as posibilidades de cada alumno para adaptar os programas ás necesidades individuais e dos grupos. Esta avaliación prolongase durante as primeiras sesións co fin de non adoptar falsas expectativas e estereotipos.
- **Avaliación continua:** permite detectar os acertos e erros e en consecuencia, orientar, manter e ou modificar plans. Realízase por medio dos datos recollidos a través dos diferentes instrumentos de avaliación.
- **Avaliación final e sumativa:** para comprobar se se conseguiu o desenvolvemento de capacidades e as finalidades previstas, constatando como incidiu a intervención pedagóxica e como se realizou todo o proceso determinando aquilo que se podería mellorar no futuro.

A **concreción curricular** do noso centro establece o seguinte:

Para as cualificacións teranse en conta as porcentaxes seguintes:

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA.	60%
PROBAS ESPECÍFICAS	40% No caso de non realizar este tipo de probas, esta porcentaxe sumarase ás tarefas de clase.

Nas tarefas de clase e producións do alumnado avaliaranse os traballos do alumnado a partir de rúbricas, de escalas de observación e/ou listas de cotexo.

LINGUA GALEGA

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA. 60%	<ul style="list-style-type: none">• Rúbrica expresión e comprensión oral: 20%• Rúbrica expresión escrita: 20%• Lista de cotexo caderno de clase: 10%• Lista de cotexo traballo na casa:10%
PROBAS ESPECÍFICAS 40%	<ul style="list-style-type: none">• Probas obxectivas e abertas: 40%

LINGUA CASTELÁ

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA. 60%	<ul style="list-style-type: none">• Rúbrica expresión e comprensión oral: 20%• Rúbrica expresión escrita: 20%• Lista de cotexo caderno de clase: 10%• Lista de cotexo traballo na casa:10%
PROBAS ESPECÍFICAS 40%	<ul style="list-style-type: none">• Probas obxectivas e abertas: 40%

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA. 100%	<ul style="list-style-type: none">• Rúbrica Valores: 50%• Escalas de observación: 50%
PROBAS ESPECÍFICAS 0%	<ul style="list-style-type: none">• Non se realizarán probas específicas nesta materia.

MATEMÁTICAS

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA. 60%	<ul style="list-style-type: none">• Resolución de problemas: 20%• Resolución de operacións: 20%• Lista de cotexo caderno de clase: 10%• Lista de cotexo traballo na casa:10%
PROBAS ESPECÍFICAS 40%	<ul style="list-style-type: none">• Probas obxectivas e abertas: 40%

CIENCIAS NATURAIS

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA. 60%	<ul style="list-style-type: none">• Lista de cotexo tarefas na aula e na casa:30%• Traballos de aplicación e síntesis:15%• Lista de cotexo caderno de clase:15%
PROBAS ESPECÍFICAS 40%	<ul style="list-style-type: none">• Probas obxectivas e abertas: 40%

CIENCIAS SOCIAIS

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA. 60%	<ul style="list-style-type: none">• Lista de cotexo tarefas na aula e na casa:30%• Traballos de aplicación e síntesis:15%• Lista de cotexo caderno de clase:15%
PROBAS ESPECÍFICAS 40%	<ul style="list-style-type: none">• Probas obxectivas e abertas: 40%

PROMOCIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. O alumnado accederá ao curso seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos e o grao de adquisición das competencias correspondentes. Aquel alumnado que non acadou os obxectivos evidenciados a través dos estándares mínimos e/ou non acadou o grao de adquisición das competencias poderá repetir sempre e cando non o fixera en cursos anteriores e cun plan específico de reforzo ou recuperación. Terase en conta o traballo competencial e as evidencias dos estándares de aprendizaxe. Desta maneira:

- Promocionarase ao curso seguinte cando se superasen as materias cursadas e se adquirisen as competencias clave.
- Repetirase cando non se acaden as competencias adecuadamente ao nivel ou non se superen as materias que permitan pensar nunha adecuada recuperación no vindeiro curso.

Para autorizar a promoción con avaliación negativa en varias materias deben cumprirse os seguintes requerimentos:

- Que o alumnado teña expectativas de recuperación, a partir das competencias acadadas.
- Exista acordo favorable á promoción por parte do profesorado do grupo.

Na concreción curricular do centro acordouse o seguinte:

Situación	Decisión	Outros
Todo aprobado	Promociona.	
Suspende algunha area pero xa repetiu.	Promociona por imperativo legal.	Elabórase un programa de Reforzo ou Recuperación e Apoio. Valorarase unha AC se procede nalgunha área.
Suspende unha das áreas instrumentais básicas (L.C, L.G, Mat.) e adquire o grao suficiente nas competencias.	Promociona.	Elabórase un Plan de recuperación e de apoio.
Alumnado con suspenso en varias materias, pero avaliación competencial positiva.	Promociona.	Elabórase un Plan de recuperación e de apoio.
Alumnado con suspenso en varias materias e non acada o grao suficiente nas competencias.	Non promociona. Excepto se o equipo de profesorado considera o contrario tras valorar o esforzo, madurez, e a importancia do seu grupo de referencia.	Elabórase un Plan de recuperación e de apoio.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

A avaliación da propia práctica docente do profesorado, individual e en conxunto permitirá coñecer as condicións, as relacións persoais, as coordinacións, as formas organizativas, a validez das programacións das actividades docentes, os recursos materiais e persoais utilizados, os tempos e os espazos previstos, o agrupamento do alumnado, a metodoloxía e avaliación aplicadas, etc.

A intención desta avaliación é mellorar a práctica docente e a programación e adquirir compromisos de actuación pedagóxico-didáctica adecuados.

Sinalamos os indicadores de logro e a escala para valoralos:

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:

	Escala			
	1	2	3	4
O nivel sinalado foi adecuado ás características do alumnado.				
Consegiuse crear un conflito cognitivo a partir do estudo de ideas previas do alumnado o que favoreceu a aprendizaxe.				
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
Promoveuse a participación activa de todo o alumnado.				
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con neae.				
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con neae.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Usáronse distintos instrumentos e procedementos de avaliación.				
Dáse un peso real á avaliación continuada e reguladora e observouse o traballo na aula durante o proceso.				
Desenvolvéronse estratexias metodolóxicas para acadar competencias				
Desenvolvéronse estratexias de traballo en equipo cooperativo.				
Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:

	Escala			
	1	2	3	4
Como norma xeral trabállase dende un punto de vista participativo e non transmisivo do ensino.				
Faise tratamento individualizado cando cómpre, atendendo á diversidade				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade. Deséñanse actividades multinivel.				
Deseñáronse actividades de nivel adecuado, con obxectivos ben definidos, de interese para o alumnado, significativas, funcionais...				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas á diversidade e ao alumando con neae.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos estándares a desenvolver.				
Combínase o traballo individual e en equipo, primándose a aprendizaxe cooperativa.				
Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. Aténdese á igualdade entre os sexos, á convivencia, ao coidado do medio e da saúde ...				
Ofrécense posibilidades ao alumnado de autoavaliación e coavaliación e amósanselle os criterios de avaliación de xeito claro.				
Úsanse recursos variados, asequibles, adecuados, suficientes, atractivos e fontes diversas de información.				
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros de forma que regule a súa aprendizaxe.				
Hai implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
Existe coordinación real entre o profesorado a nivel horizontal e vertical.				
Hai implicación no deseño e adecuación, logo da súa aplicación, das ACI propostas e aprobadas.				
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que o alumnado promocióne con materias pendentes, o profesorado deseñará as medidas necesarias para intentar que supere esas áreas.

O profesorado cumprimentará a seguinte táboa para cada materia pendente:

Área/materia	Aspectos a recuperar	Materiais suxeridos
		Recursos: material de aula, caderniños de traballo, axenda, xogos, biblioteca, recursos TIC,...

Comunicará ás familias esas medidas, poraas en marcha e fará o seguimento solicitando, se cumprise, o asesoramento do departamento de orientación.

Terase en conta:

- A atención individualizada no grupo por parte do equipo docente, insistindo nos aspectos esenciais e mínimos de cada área, para lograr mecanizalos ou sistematizalos o máximo posible. Tamén pode dotarse dun horario de apoio dentro do grupo como axuda á titoría en lingua e matemáticas por parte de PT/AL ou profesorado de apoio ou con horas libres, ademais de incluír a este alumnado no plan ARCO
- É aconsellable contar coa colaboración da familia, para contar cun horario extra na casa, para reforzar aspectos básicos das áreas de matemáticas e lingua.
- Observación sistemática e continua do proceso de aprendizaxe para comprobar o aproveitamento educativo con esta medida e recolleita de datos a través de escalas de observación e/ou listas de cotexo.

Cando se produza a superación da materia, que poderá ocorrer en calquera momento ao longo do curso escolar, isto suporá unha avaliación positiva da materia e consignarase o resultado e o feito en acta de sesión de avaliación.

10.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A avaliación inicial realizarase no mes de setembro. Obteranse datos do alumnado seguindo o seguinte proceso:

- Antes do inicio das clases e en xuntanza coa orientadora e a xefatura de estudos, as titoras recibirán información sobre o grupo, a súa evolución académica anterior, as neas da aula, os datos de avaliacións psicopedagóxicas realizadas etc...
- As titoras analizarán os informes escritos das titorías anteriores.
- As titoras deseñarán actividades de acollida (presentación, constitución de equipos, debates, postas en común, redacción de normas, ...) que lle permitan ademais e en contexto natural de aula observar e avaliar ao alumnado de forma integrada e obter datos relevantes.
- O profesorado seleccionará os instrumentos para a realización da avaliación inicial.
- Os datos desta avaliación inicial recolleranse na ficha do alumnado.
- Realizarase sesión de avaliación inicial de acordo co indicado sobre sesións de avaliación no plan de acción tutorial, levantarase acta de sesión segundo modelo existente no centro.
- As datas de avaliación inicial serán sinaladas pola xefa de estudos.

OBXECTIVOS:

- Detectar as características das alumnas e dos alumnos ao comezar o curso nos contidos das áreas instrumentais.
- Saber que alumnos e alumnas teñen dificultades de aprendizaxe desde o inicio do curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.
- Informar ás familias sobre a situación inicial do seu fillo ou filla para así implicala no proceso educativo.
- Enlazar as aprendizaxes dos alumnos e das alumnas do cuarto curso de Primaria co de quinto de Primaria.

Tendo en conta estas avaliacións iniciais e valorando as características que presenta o alumnado ao chegar ao novo curso, defínense as liñas de acción a levar a cabo, tanto por parte da titora e das mestras que imparten no nivel, como por parte das mestras especialistas en PT e AL, e así como por parte da orientadora.

AVALIACIÓN INICIAL NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS

LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

- Expresión oral sobre un tema que escolla libremente o alumnado.
- Comprensión oral sobre as exposicións realizadas polas compañeiras e compañeiros.

Procedemento: Observación sistemática.

Instrumento: Rúbrica expresión e comprensión oral.

- Expresión escrita (escollerase un de dous temas propostos pola mestra).
Procedemento: Observación sistemática.
Instrumento: Rúbrica expresión escrita.
- Comprensión escrita dun texto.
Procedemento: Proba específica.
Instrumento: Proba obxectiva.
- Lectura en voz alta.
Procedemento: Observación sistemática.
Instrumento: Rúbrica lectura en voz alta.

MATEMÁTICAS

- Numeración
- Cálculo: suma, resta, multiplicación e división.
- Problemas: comprensión
Procedemento: Proba específica
Instrumento: Proba obxectiva.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nas materias antes mencionadas, poñeranse en marcha as medidas de atención que estean ao alcance do centro:

- De tipo organizativo,
- Metodolóxicas,
- De recursos,
- De cooperación familiar.

O profesorado titor responsabilizarase da coordinación entre o profesorado e o departamento de orientación para concretar o currículo.

Medidas que se prevén:

- traballos por proxectos,
- actividades internivel,
- actividades multinivel,
- actividades nas que o alumnado sexa posto en situación de éxito e que favorezan a autoestima,
- aprendizaxe cooperativa,
- titorización entre iguais,
- diversidade e abundancia de recursos,
- actividades de revisión, ampliación e reforzo educativo,
- flexibilización da avaliación,
- apoio na aula doutro profesorado.

11. Medidas de atención á diversidade

Partindo do concepto de diversidade como unha característica de todos os alumnos e alumnas, a atención á diversidade enténdese como a resposta psicopedagóxica que o centro da ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe.

As accións estableceranse en tres niveis.

- Prevención.
- Detección de alumnado con necesidades educativas específicas:
 - Dificultades específicas de aprendizaxe.
 - Condicións persoais ou familiares desfavorables.
 - Altas capacidades intelectuais.
 - Dificultades por ingreso tardío no sistema educativo.
- Atención o alumnado con necesidades educativas específicas.

A atención ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais rexerase polos principios de inclusión e normalidade e abranguerá a todos os que por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela requiran determinados apoios ou atención educativa específica.

O DO coordinará as medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade.

Como criterios xerais de actuación seguiranse:

- As medidas de atención a diversidade tenderán sempre a lograr o maior grado posible de integración no grupo de referencia.

- Todos os niveis educativos contarán dentro do horario con horas de apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria. A distribución destes apoios estará en función das necesidades de cada grupo e coordinaranse dende o departamento de orientación.
 - Os apoios ou reforzos dentro do grupo tenderán a seguir o currículo ordinario na maior medida posible.
 - Os apoios e reforzos de cada materia faranse dentro do horario establecido para as mesmas.
 - Estableceranse os apoios en función da avaliación das necesidades individuais ou grupais realizada dende o departamento e en colaboración co equipo docente.
 - A organización dos apoios e reforzos terá sempre carácter flexible a fin de adaptar a resposta ás necesidades de xeito efectivo.
 - No caso de alumnado con Adaptación Curricular seguirase o establecido na mesma con carácter individual.
 - As actuacións previstas nos plans de apoio serán trasladadas a xefatura de estudos para a súa aprobación e inclusión na estrutura organizativa do centro.
 - Comunicarase ás familias tanto ás actuacións previstas como o seguimento das mesmas procurando a súa implicación no proceso.
- Fixarase as sesión de coordinación entre o profesorado e DO, necesarios para facer o seguimento dos distintos programas e facer as adaptacións necesarias para cubrir o mellor posible ás necesidades dos nosos alumnos.

ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS AO ALUMNADO CON NEAE

Para as adaptacións requiridas polo alumnado con NEAE remitirémonos aos protocolos e indicacións aportadas polo Departamento de Orientación en cada caso.

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Hai aspectos que se traballarán en todas as materias:

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita.
- As TIC.
- A educación cívica.
- A igualdade efectiva entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero.
- A resolución pacífica de conflitos e o respecto aos dereitos humanos,
- A autonomía, o sentido crítico e o autocontrol.
- A seguridade vial.
- A saúde.

Con respecto ao tratamento transversal en todas as materias:

- Traballarase con enfoque de xénero, tendo en conta unha linguaxe non sexista, un uso da imaxe non estereotipada, un equilibrio no protagonismo, a presentación de modelos alternativos e á inclusión de personaxes femininas importantes na historia, a ciencia, a matemática, a técnica,... Realizaranse accións positivas cara á igualdade con exemplos e con temáticas que permitan reflexionar sobre a discriminación, o maltrato de xénero ...
- Reflexionarase sobre o coidado do medio, a necesidade da reciclaxe, a evitación do consumismo, a saúde (hixiene postural, alimentación ...).

- Incidirase na resolución pacífica de conflitos, as normas sociais e o traballo adecuado en equipo, traballarase a prevención do acoso e a violencia, a autonomía, o respecto ás demais persoas ... Incidirase nos valores que sustentan unha cidadanía responsable.
- Fomentarase a responsabilidade e o esforzo individual, a confianza en si mesmos, o espírito crítico, iniciativa e creatividade.
- Os temas transversais deberán terse en conta en toda a actividade educativa: na organización da aula, no agrupamento do alumnado na aula, na selección de materiais e recursos, na selección de actividades e tarefas, nas estratexias a desenvolver...
- Ademais de traballalos en toda a actividade educativa, algúns proxectos ou tarefas son susceptibles dun tratamento máis en profundidade dalgúns valores ou temas transversais, nas programacións de nivel e aula así se reflectirán.

13.Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso

No presente curso escolar, dada a evolución do COVID-19 consideramos aconsellable esperar para realizar actividades de carácter complementario e extraescolar.

14.Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

	Escala			
	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. (tendo en conta que para a elaboración das programacións sinalaremos os proxectos, unidades, tarefas que recollan os estándares e que sexan o máis integradas e globalizadas posible). Para cada proxecto, unidade, tarefa deberá indicarse a temporalización. Haberá que sinalar un número adecuado delas, que permita o seu tratamento en profundidade e non de xeito superficial. Terase en conta o desenvolvemento en espiral do currículo.				
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
Desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o nivel.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado,				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: procedementos e instrumentos.				

Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dos estándares non alcanzados.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.				
Adecuación dos instrumentos de avaliación aos estándares.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con neae				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
Observacións:				

16. Consideracións a ter en conta na modalidade de educación non presencial no suposto de poñer en marcha o Plan de Continxencia, anexo ao Plan de adaptación á crise provocada pola Covid.

- O profesorado traballará co alumnado a través da aula virtual e os blog de nivel e especialidades. O traballo proporase con metodoloxía integradora ou globalizadora. As familias comunicarán ao profesorado as dispoñibilidades/dificultades de conexión ou falla de equipamento para, na medida do posible, tentar atopar solucións conxuntas e minimizar os efectos negativos para o alumnado.
- As tarefas propoñase ao profesorado a través da aula virtual ou dos blog educativos, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas.
- As actividades na aula virtual e blogs de nivel colocaranse coordinadamente entre o profesorado de nivel tendo presente unha adecuada temporalización. Serán actividades o máis globalizadas posible tanto en aula xeral como nos ámbitos. Diseñaranse propostas integradas multinivel entre áreas/materias/ámbitos a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas/ámbitos e materias. Tentarase que as propostas aparezan dosificadas por días/semanas.
- Combinaranse actividades virtuais e non virtuais: traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, cuestionario, resolución de operacións, elaboración de vídeo/presentación/fotos/..., exercicios de completar, manexo de..., visionado de vídeos, escoita

de información/contos, formulación de preguntas, debuxo, composición... Usaranse actividades con formatos variados: pdf, vídeos, textos de word, imaxe, ...

- O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación, aclaracións, comentarios e o mantemento de contactos.
- Para o alumando con neae o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira, non se establecerán fórmulas non inclusivas.
- O contacto co alumnado será periódico tanto para coñecer a súa evolución académica como de saúde. Eses contactos poderán facerse telefonicamente, por correo electrónico ou por videoconferencia. Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias ademais dos sistemas de comunicación sincrónicas e asincrónicas.
- Os horarios de conexión por videoconferencia respectarán os horarios de titoría e especialidades. Serán elaborados/coordinados pola xefatura de estudos e calquera modificación necesaria deberá comunicarse oportunamente. Terase en conta a inclusión, polo que non haberá videoconferencias separadas con alumnado con neae (os horarios de

apoio e intervención en aula do profesorado de PT e AI coordinarase con xefatura de estudos e DO). Por razóns educativas e de efectividade, terán unha duración limitada. Na duración das videoconferencias terase en conta as características do alumnado e os seus períodos de atención polo que non poderán ter unha duración superior a 90 minutos total (esta máxima duración co alumnado de 5º e 6º), poderán establecerse por grupos pequenos de clase. Estas conexións deberán facerse entre as 9 e as 14 e non se simultanearán con titorías coas familias inda que estean presentes nas videoconferencias. As videoconferencias co alumnado pequeno usaranse basicamente para manter o contacto, facer algunha indicación puntual, conversar sobre as tarefas, facer unha pequena presentación dun traballo, ... Debe terse en conta que nunca nelas se pode facer o mesmo que nunha clase presencial.

- A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados polo alumnado ademais dos resultados. Os instrumentos de avaliación permitirán determinar o nivel competencial do alumnado en cada área ou materia.

Titoría 5º Educación Primaria